



ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL LAXE

Delegación de funcións da Alcaldía no 1º tenente de alcalde

DECRETO DE ALCALDÍA

Asunto: Delegación de funcións da Alcaldía

Expediente nº 2022/G003/000829

ANTECEDENTES

O alcalde deste concello de Laxe, José Luis Pérez Añón, prevé ausentarse do seu posto, do 2 ao 11 de decembro (ámbolos dous inclusive), polo que non poderá atender e desempeñar as funcións propias do seu cargo durante o mencionado período.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF)

CONSIDERACIÓNS

Nos casos de ausencia, enfermidade ou impedimento, as funcións do alcalde non poderán ser asumidas polo 1º tenente de alcalde, sen expresa delegación. A delegación debe conter os seguintes requisitos: As delegacións serán realizadas mediante decreto/resolución que conterá o ámbito dos asuntos a que se refire a delegación, as facultades que se deleguen, así como as condicións específicas do exercicio destas. A delegación de atribucións terá efecto dende o día seguinte ao da data do decreto/resolución, salvo que nela se dispoña outra cousa, sen prexuízo da súa perceptiva publicación no Boletín Oficial da Provincia.

Xa que logo, o funcionamento dos servizos municipais deben seguir desenvolvéndose con normalidade e faise precisa a substitución da alcaldía-presidencia.

De acordo co artigo 23.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, así como o artigo 47 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar a totalidade das competencias da Alcaldía no concelleiro e primeiro tenente de alcalde, Francisco Charlín Oróns, polo período que vai dende o 2 ao 11 de decembro de 2022 (ámbolos dous inclusive)

A delegación comprende as facultades de dirección e de xestión, así como a de resolver os procedementos administrativos oportunos mediante a adopción de actos administrativos que afecten a terceiros.

Segundo.- O órgano delegado ha de informar a esta Alcaldía, a posteriori e, en todo caso, cando se lle requira, da xestión realizada e das disposicións ditadas no período de referencia, e con carácter previo de aquelas decisións de transcendencia, tal e como se prevé no artigo 115 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Terceiro.- Comunicar esta resolución ao 1º tenente de alcalde, Francisco Charlín Oróns.

Cuarto.- Publicar esta delegación no Boletín Oficial da Provincia tal e como dispón o artigo 44.2 do ROF.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento co disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Mándao e asíno, en Laxe, a 1 de decembro de 2022, o alcalde, José Luis Pérez Añón,, do que eu como secretaria-interventora accidental dou fe.

O alcalde

Asdo.- José Luís Pérez Añón

A secretaria-interventora accidental,

Asdo.- Emilia Alborés Lema

2022/7665